



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Sr. Alcalde Presidente**

**D. Alberto Varela Paz**

Visto o expediente incoado para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, mediante licitación electrónica a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público (PLACSP), para adxudicar o contrato de subministro denominado “Subministro e instalación dunha pantalla Led videomarcador no Campo de Fútbol de A Lomba”, cun orzamento de licitación (IVE engadido) de 21.955,01 €.

O prego de cláusulas administrativas correspondente foi elaborado de conformidade co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sendo emitidos informes favorables pola Secretaria Xeral e Interventor accidental municipal, con data 27 de xuño de 2024, respectivamente.

Tendo en conta, que o expediente de contratación foi completado e de acordo cos artigos 117.1, 122 e disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; e polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

### RESOLVO

1. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado, para adxudicar o contrato de subministro denominado “Subministro e instalación dunha pantalla Led videomarcador no Campo de Fútbol de A Lomba”.
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus Anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación que ascende a 21.955,01€ (IVE engadido).
3. Autorizar o gasto por un importe de 21.955,01€, con cargo á aplicación orzamentaria 342 62300 do estado de gastos do orzamento municipal para 2024.
- 4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, mediante licitación electrónica a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde á data da sinatura electrónica.

